



Concello de Rábade

DECRETO DE ALCALDÍA

Con data 9 de novembro de 2021, procedeuse mediante Decreto de Alcaldía a aprobación das bases de selección de un peón especialista adscrito ao servizo de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas do Concello de Rábade, a tempo parcial (30 horas semanais) por un prazo de 10 meses, con cargo ao programa "Fomento do Emprego. (Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021)".

Tendo en conta que a base cuarta punto primeiro establece un prazo de 5 días hábiles a contar a partir da publicación do correspondente anuncio no boletín oficial da provincia, que se seleccionará mediante concurso-oposición, e que o citado anuncio publicouse o 13 de novembro de 2021. Rematado o citado prazo e tendo en conta que a base quinta establece que se procederá a ditar resolución sobre os candidatos admitidos provisionalmente e se concederá un prazo de 2 días para a subsanación de defectos no caso de que algunha das solicitudes presente tales defectos, e unha vez cumprido o referido trámite administrativo. Se ben no caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Analizadas as solicitudes presentadas, tendo en conta os requisitos e a documentación xeral esixida nas bases, e a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte relación **definitiva** de admitidos e excluídos no procedemento de selección que se está a seguir neste Concello para a contratación dun/ha peón especialista adscrito ao servizo de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas do Concello de Rábade:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI
Barros Díaz, Jorge	3356*****
Cortiñas Montoya, Francisco	3332*****
López López, Luciano	7656*****
Prado Rodríguez, Silvia	3427*****
Saavedra Brea, Manuel Alberto	7864*****
Vilar Díaz, Antonino	3332*****

EXCLUÍDOS:

Ningún.

TERCEIRO: Proceder a nomear os seguintes empregados/as municipais como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: D^a. Belén Regueiro Vázquez, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rábade.

Vogais:

D. Manuel Prado López, xefe da brigada municipal de obras e servizos do Concello de Rábade.

D^a. Silvia Vázquez Orejas, animadora sociocultural do Concello de Rábade.

Secretario: D. Jose Angel Balseiro Amido, Secretario-interventor do Concello de Rábade, ou membro en quen delegue que actuará con voz pero sen voto.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 23 de novembro ás 10:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Rábade aos efectos da realización da fase de concurso.

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411



Cod. Validación: 3HCWDS5ATWZMRPCZ4PFRMCX26 | Corrección: <https://rabade.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Rábade

CUARTO: Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da Corporación así como na sede electrónica do Concello de Rábade, Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Rábade, a 22 de novembro de 2021.
O Alcalde-presidente,

Asdo: Francisco Xosé Fernández Montes.
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Concello de Rábade

Praza do 28 de maio, s/n, Rábade. 27370 Lugo. Tfno. 982390062. Fax: 982390411



Cod. Validación: 3HCWD5ATWZMRP6CZ4PFRMCX26 | Corrección: <https://rabade.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2